

LOCAL SOCIAL e HARDWARE – FASE 3 – GUIÓN DE TRABAJO

Durante esta 3ª fase, tedes que buscar algunhas das infraestruturas principais, como o voso local social e o ordenador principal da vosa asociación. Debedes desenvolver todos os puntos que aparecen no seguinte guión, explicando todos os aspectos que aquí se detallan, que serán baremados seguindo o criterio que vedes na seguinte táboa:

CONCEPTO	EXPLICACIÓN DETALLADA	PUNTOS
LOCAL SOCIAL	Debedes buscar TRES locais na Coruña ou comarca. Debedes facer un mapa no que se vexa a situación dos tres, debedes proporcionar unha serie de datos que veñen a continuación, e tedes que xustificar a elección do que vos parece o máis axeitado	7
Mapa	Mapa coa situación de todos (os locais deben estar numerados)	0,5
Para cada local	De cada un dos tres locais, debedes proporcionar toda a información que vén a continuación:	2 x 3 = 6
	Fotografías	0,25
	Enderezo (barrio, situación)	0,25
	Prezo do aluguer	0,25
	Superficie	0,25
	Accesibilidade	0,25
	Características	0,25
	Pros	0,25
	Contras	0,25
Local elixido	Debedes xustificar cal vos parece que sería o local máis axeitado	0,5
ORDENADOR PRINCIPAL	Tedes que comparar as características de TRES ordenadores de sobremesa	3
Para cada ordenador	De cada un dos ordenadores de sobremesa, debedes proporcionar toda a información que vén a continuación:	0,75 x 3 = 2,25
	Características detalladas	0,25
	Prezos atopados e webs na que os atopastes	0,25
	Fotografías	0,25
Táboa comparativa	Debedes facer unha táboa comparativa na que se poidan ver con claridade as principais características técnicas dos tres ordenadores	0,5
Ordenador elixido	Debedes xustificar cal vos parece que sería o ordenador máis axeitado	0,25

Polo tanto, o produto final desta fase do traballo, e polo que seredes puntuados, é esa PRESENTACIÓN AUDIOVISUAL (en formato PPT ou ODP, incluso PDF), que será puntuada seguindo o baremo de puntos arriba indicado. Advertimos que só se valorará o que conste nese arquivo. Todos aqueles aspectos que se digan VERBALMENTE na presentación en clase, pero que non consten no arquivo, NON serán tidos en conta para a nota. Iso fará que teñades unha NOTA INICIAL DA 3ª FASE.

Unha vez que todos os grupos presentaran o seu local social e ordenador de sobremesa, teredes uns días de prazo para facer melloras no voso proxecto, e volver a enviarllo ao profesor. Todas as reformas que fagades deben estar destacadas en COR VERMELLA. Volverán a corrixirse os traballos, e así teredes unha NOTA MELLORADA DA 3ª FASE.

A nota que se lle outorgará finalmente ao grupo será a MEDIA ARITMÉTICA das dúas anteriores. Esa nota multiplicarase pola cantidade de persoas do proxecto, e esa cantidade total debedes repartila entre vós, da forma máis xusta que consideredes.

O tempo estimado para levar a cabo esta fase será de NOVE sesións, aínda que a clase consensuará co profesor exactamente cando rematará e cando se presentará en público.

Debedes enviar os vosos traballos ao enderezo electrónico: ticsbach_calasanz@yahoo.es